



ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA SEIS DE FEBREIRO
DE DOUS MIL CATORCE

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA

Dona María Loureiro García.(PSd G-PSOE)

CONCELLEIROS

D.Jesús Antonio Fernández Cal, PSde G-PSOE

D^a.María Isabel Rodríguez López(PSde G-PSOE

D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro(PSde G-PSOE

D^a.Covadonga Viamonte Aguiar(PSde G-PSOE

D.Vicente Hermida Rodríguez (PSdG-PSOE)

D.Cesar Aja Mariño,(P.P.)

D.Jaime Eduardo de Olano Vela, (P.P.)

D.Antonio José Bouza Rodil, (P.P.)

D.Celestino Valentín García Paz, (P.P.)

Dona Cándida Mendez Salgado (PP)

D.Bernardo José Fraga Galdo, BNG

D.Manuel Galdo Dopico,BNG

D.Guillermo Leal Arias,IVI

D.Jesús Fernández Fernández,IVI

SECRETARIA ACCIDENTAL

D^a.Fátima Moar Rivera

EXCUSAN

D^a.María del Carmen Gueimunde Gonzalez(P.P.)

D^a.Olaia Casas Chaves,(BNG)

NON ASISTE

D.Sergio Aguado Delicado

Interventor en funcións

Na Casa do Excmo.Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día seis de febreiro de dous mil catorce, baixo a Presidencia da Sr^a.Alcaldesa, Dona María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidental, D^a.Fátima Moar Rivera, que substitúe, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Aberta a sesión e declarada pública pola Sr^a.Alcaldesa-Presidenta á hora indicada, previa comprobación pola Sr^a. Secretaria accidental do quórum de asistencia legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos establecidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo R.D.



2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia procede ao tratamento da sesión ordinaria do Pleno do Concello e fai fincapé de que é correcto “sesión ordinaria” incorrecto sesión extraordinaria como se indica na Orde do Día e pide que se corrixa o erro.

1º.- APROBACION, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIONS CELEBRADAS OS DIAS 10 DE XANEIRO DE 2014 E 24 DE XANEIRO DE 2014.

Pola Srª. Alcadesa pregúntalles ós Srs. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer as actas das sesións extraordinarias celebradas os días: 10 de xaneiro e 24 de xaneiro de 2014.

Tendo en conta que a totalidade dos membros da Corporación recibiu fotocopia do borrador da acta correspondente a estas sesións, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Polo Voceiro do PP, D. Antonio José Bouza Rodil, maniféstase que na Acta do 10 de Xaneiro de 2014, asistiron todos os Concelleiros do seu Grupo do PP, como se reflexa no encabezamento da devandita acta, pero no punto “da dedicación exclusiva, o Partido Popular vota abstención con seis votos (6) sendo incorrecto cinco (5) e roga que conste e que se corrixa este erro.

Intervén en representación do Grupo Municipal de Independentes de Viveiro (IVI), D. Jesús Fernández Fernández, para sinalar que na acta do 10 de xaneiro de 2014, onde dí dous (2) votos a favor no punto da dedicación exclusiva; debe dicir un (1) voto a favor da proposta da dedicación exclusiva do Grupo Municipal IVI, xa que só asistiu un membro do Grupo Ivi.

Intervén en representación do Grupo Municipal IVI, D. Guillermo Leal Arias, para sinalar que na acta do 24 de xaneiro de 2014, non se recolle toda a súa intervención, e quer facer unha aclaración con respecto a súa intervención da Conta Xeral. Aquí está reflexando, en parte si e en parte non, e houbo xente que no non entendeu e quero aclarar..., cando dicía que o Sr. Raxoi contibúe moito a débeda dos Concellos, é certo que dixen iso, xa que esa débeda que lle estamos pagando ós provedores estamos pagándoa todos e o Sr. Raxoi fai ese incremento, que estamos pagando todos, cando obriga a pagar ós provedores, é certo; e é inaudito que eu non defenda ós autónomos- como se dicía na prensa-, ..pero o que digo é que “o inaudito” é que o Sr. Raxoi faga un incremento do 10 por cento no tipo impositivo da contribución, e que este incremento teñamos que estar pagándoo todos os veciños e veciñas de Viveiro., e digo que iso tiña que grabalo., non a os cidadáns, senon a todos os que despilfarraron e despilfarran nos concellos...”

E non habendo mais intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación ás actas do 10 e do 24 de xaneiro de 2014

2º.- DACION DE CONTA DE RESOLUCIONS DA ALCALDIA



Pola Sr^a.Alcaldesa dase conta das Resolucíons dictadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervención o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado das Resolucíons dictadas pola Alcaldía.

3º.- SOLICITUDE A XUNTA DE GALICIA DA DESAFECTACION PARA USO MUNICIPAL E DA REVERSION DO CENTRO COMARCAL DA MARIÑA OCCIDENTAL

Dase conta de escrito da Consellería de Medio Rural propoñendo a conveniencia de solicitar formalmente o inicio de expediente de desafectación e reversión do inmueble Centro Comarcal da Mariña Occidental mais o construído nel, para uso municipal, e que está construído sobre terreos postos a disposición da Xunta de Galicia polo Concello de Viveiro, situado na Avenida Ramón Canosa, s/n (vía litoral, zona de Lodeiro) neste termo municipal, por ter dificultade actual da aplicación do inmueble ao fin para o que foi cedido, e tendo en conta o beneplacito da Consellería de Medio Rural e do Mar.

Seguidamente, aberto o turno de intervencións, prodúcese a da Alcaldía quen manifesta que o seu Grupo PSdG-PSOE vai votar a favor da desafectación e reversión para uso municipal deste Concello do Centro Comarcal da Mariña Occidental aínda que non ten fixado para que se vai destinar nin tampouco sabemos as condicións.

A continuación, intervén o Voceiro do PP, D. José Antonio Bouza Rodil, quen dí que o seu Grupo vai votar a favor.

Intervén o Voceiro do BNG, D. Bernardo José Fraga Galdo, quen dí que o seu Grupo está a favor da reversión do Centro Comarcal da Mariña Occidental para o Concello, pero dí que agora vese a pésima xestión da Xunta de Galicia, e dí que conste en acta, .. e denunciar publicamente a situación pola que estan pasando os traballadores/as do Centro que permanecen na casa sin saber a que aterse e que cobran o salario estando na casa, sin ter ningún tipo de dereito, esperando que saia a sentenza. O que se reivindica é que se lle día unha solución cantos antes.

Seguidamente Intervén o Voceiro do IVI, D. Guillermo Leal Arias, quen dí que o seu Grupo en varias ocasións e en data 25-01-2013-en “Rogos e Preguntas” xa se interesou para que se realizase a xestión para que pase definitivamente ó Concello o Edificio do Centro Comarcal da Mariña Occidental, e dí que se congratula de que veña este punto e se conceda a reversión do edificio a favor do Concello de Viveiro e por ende, a favor dos veciños e veciñas de Viveiro, e vai votar a favor.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes (quince) **ACORDA:**



1º.- Solicitar a Xunta de Galicia- Consellería de Facenda e Patrimonio a desafectación e reversión do inmueble “Centro Comarcal da Mariña Occidental do Lodeiro, mais o construído nel para uso municipal do Concello de Viveiro e que está construído sobre terreos postos a disposición da Xunta de Galicia, situado na Avenida Ramón Canosa, s/n (Vía Litoral- Zona do Lodeiro), neste termo municipal.

2º.-Facultar á Srª.Alcaldesa para que poida dispoñer e asinar cantos documentos sexan precisos para tal fin.

4º.-ADHESION AO CONVENIO DE COLABORACION SUBSCRITO ENTRE A EXCELENTISIMA.DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO, A EXCMA DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE E O CONSORCIO DE TURISMO DA RIBEIRA SACRA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIONES NECESARIAS PARA PRESENTAR ANTE O CENTRO DO PATRIMONIO MUNDIAL DA UNESCO A PROPOSTA DE INSCRICION DA RIBEIRA SACRA DE LUGO - OURENSE PARA A SUA DECLARACION COMO PATRIMONIO MUNDIAL E DESIGNAR COMO REPRESENTANTE PARA DITO APOIO A SRA.ALCALDESA.

Pola Sra. Alcaldesa dáse conta ao Pleno corporativo de escrito do Presidente da Deputación que invita ao concello a participar, e que dí:

“Visto o escrito remitido pola Deputación Provincial de Lugo, no que se dá conta da sinatura dun convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo, a Deputación de Ourense e o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra para impulsar a candidatura da Ribeira Sacra para ser declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. Tendo en consta que se ofrece a todas as entidades públicas ou privadas a posibilidade de adherirse a ese convenio, co fin de sumar apoios para valorizar ese territorio, e polo que PROPON ao Pleno do concello de Viveiro a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Adherirse ao Convenio de colaboración subscrito entre a Excma.Deputación Provincial de Lugo, a Excma.Deputación Provincial de Ourense e o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra para o desenvolvemento das actuacións necesarias para presentar ante o centro do patrimonio mundial da UNESCO A PROPOSTA DE INSCRICIÓN DA Ribeira Sacra (Lugo e Ourense) para a súa declaración como patrimonio mundial.

SEGUNDO: Designar como representante do Concello de Viveiro, ante a Excma. Deputación Provincial de Lugo, para a materialización de dito apoio e colaboración, a Dª. María Loureiro García.

TERCEIRO: Comunicar á Excma. Deputación Provincial de Lugo os acordos sinalados nos tres puntos anteriores, e así mesmo, co obxecto de facilitar e levar a cabo dita colaboración, comunicarlle os seguintes datos desta entidade:

Ámbito territorial: Viveiro.
Teléfono: 982560128
Fax:982561147
E-mail:concelloCviveiro.es



Web:www.viveiro.es

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

A do voceiro do PP, D.Antonio José Bouza Rodil, quén dí que o seu Grupo vai votar abstención, sempre que repercuta economicamente para o Concello de Viveiro, xa que na cláusula cuarta do convenio onde di: “ ”Financiamento.-As achegas económicas dos asinantes do convenio, así como, no seu caso, das institucións e entidades público-privadas que se sumen a este documento, serán fixadas pola comisión mixta de execución e seguimento”..Esta adhesión terá unha carga económica.

Intervén a Sra Alcaldesa para contestar que foi o primeiro que preguntou e que lle dixeron que era de colaboración, que non ía repercutir economicamente de momento. Neste intre, estase a pedir un acordo para adhesión ao Convenio de colaboración subscrito entre as entidades relacionadas anteriormente.

Intervén novamente o Voceiro do PP, D. Antonio José Bouza Rodil, retomando este punto, para contestar que o seu Grupo do PP votarán a favor, no caso de que se elimine a cláusula ou non haxa repercusión económica..

Seguidamente, intervén o Voceiro do BNG, D. Bernardo José Fraga Galdo, e dí que o seu Grupo vai votar a favor e que no caso de que haxa que chegar axudas económicas terá que volver ao Pleno para acordalas.

Intervén o Voceiro do IVI, D.Guillermo Leal Airas, e dí que neste escrito non consta ningunha cantidade, interprétase mais no senso de adhesión e apoio ao Convenio e non a tema económico, e neste caso, tería que volver ó Pleno polo que o seu Grupo vai votar a favor.

Finalmente procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, de quince (15) votos a favor (PS de G-PSOE, PP, BNG E IVI), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros, ACORDA:

PRIMEIRO: Adherirse ao Convenio de colaboración subscrito entre a Excma.Deputación Provincial de Lugo, a Excma.Deputación Provincial de Ourense e o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra para o desenvolvemento das actuacións necesarias para presentar ante o centro do patrimonio mundial da UNESCO A PROPOSTA DE INSCRICIÓN DA Ribeira Sacra (Lugo e Ourense) para a súa declaración como patrimonio mundial.

SEGUNDO: Designar como representante do Concello de Viveiro, ante a Excma. Deputación Provincial de Lugo, para a meterialización de dito apoio e colaboración, a D^a. María Loureiro García.

TERCEIRO: Comunicar á Excma. Deputación Provincial de Lugo os acordos sinalados nos tres puntos anteriores, e así mesmo, co obxecto de facilitar e levar a cabo dita colaboración, comunicarlle os seguintes datos desta entidade:



**Ámbito territorial: Viveiro.teléfono: 982560128.-Fax:982561147
E-mail:concello viveiro C.es.-Web:www.viveiro.es**

5º.-PETICION DE COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO A PETICION O PARLAMENTO DE GALICIA SOBRE REHABILITACION PUBLICA E POLITICA DE ALEXANDRE BOVEDA IGLESIAS.

Pola Sra. Alcaldesa dase conta da petición de comunicación institucional de apoio á petición ó parlamento de Galicia sobre rehabilitación pública e política de Alexandre Bóveda Iglesias, e instan ao Concello a e que se una a petición para:

1º.- Declarar e instituir como “Dia de Galiza Martir” o día 17 de Agosto de cada ano, con carácter de celebración nacional na Comunidade Autónoma de Galiza, Emitir unha comunicación institucional de apoio á petición que formulamos ao Parlamento de Galiza sobre a rehabilitación pública e política da figura de Alexandre Boveda Iglesias.

2º.- e de institucionalización do 17 de agosto como “Día da Galiza Martir”, para que o Parlamento de Galiza cumpra o seu acordo plenario do 26.12.2006 .

3º.-Que a Corporación, ben no seu conxunto, ben cada un/ha dos/as seus/súas membros individualmente, se adhiran á suscripción da petición formulada ao Parlamento de Galiza presentada pola Fundación Alexandre Bóveda. A Habilitar un espazo no taboleiro de anuncios e/ou na páxina web da institución para que a cidadanía poida adherirse tamén á petición que formulamos ao Parlamento de Galiza.

Continúa sinalando a Sra.Alcaldesa, e dí que o seu Grupo do -PSOE, van votar a favor, que é unha forma de recoñecer a importancia da figura de Alexandre Bóveda Iglesias, Que foi un dos intelectuais mais importantes de Galiza, Fundador do Partido de Autonomía, Promotor do Estatuto de autonomía de Galiza, loitou pola defensa e liberdade de Galiza e este feito costoulle a morte. Fusilado cun consello de guerra, e que representa a todos os galegos/as que sufriron e foron fusilados na época franquista. Bóveda dí, morreu dunha forma cruel e valente. Dí que, resaltando este feito quere dar lectura a unha das últimas cartas que Alexanre Boveda, na madrugada que o mataron, na súa última xornada, escribiu a sua muller..” unha carta que reflexa a door de moitas familias que se atoparon tamén en nesas situacións por mor de familiares, pais abos, fillos que tamén foron fusilados dunha maneira cruel, e así escribía:... “..Xoiña, “miña peque, vidiña, quixera escribirte moito, perdóame todo; faltan minutos e teño valor por vos, pola terra, por todos, vou tranquilo, e alá terei ledicia e satisfaccion de ti e de todos. lembrareivos sempre, e sempre estareis perta de ti, da terra, etc.....Continúa dicindo que Bóveda foi unha figura fundamental no galeguismo contemporáneo e o seu grupo vai apoiar esta petición de comunicación institucional nos tres puntos.

Intervén seguidamente a do voceiro do PP, D. Antonio José Bouza Rodil, que manifesta que neste Concello, coa finalidade de lembrar a figura de Bóveda e recoñecer a súa importancia xa se lle adicou, mediante acordo plenario, poñerlle o seu nome a unha calle, “Rua Alexandre Bóveda”, e di, que o Concello con estes escritos só se pretende un titular amable cara a prensa e o noso partido, a partir



deste intre, vaise abster cando veñan escritos e asuntos destes estilos, e di isto porque en Viveiro, os que representamos e formamos parte do Concello, temos que estar para resolver asuntos e outros temas importantes e non só un título para a prensa, polo que o noso Grupo con escritos desta categoría vamos votar abstención.

A continuación, intervén o Concelleiro do BNG, D. Bernardo Fraga, que manifesta que vai votar a favor, e que titular amable..cando se trata destas cousas..” agora observamos unha abstención,.. cando xa se tratou nunha comisión, e dí, que Bóveda morreu fusilado, e esa data para nós é un día da “Galiza Martir” desde fai moito anos..., a pesar de que a Xunta sempre se opón. Bóveda foi dirixente do Partido Galeguista, foi uns dos promotores, impulsores do Estatuto de Autonomía de Galiza. Bóveda foi creador das Caixas de aforros galegas. Foi director da Caixa de Pontevedra no ano 1030. era unha persoa que cria no futuro deste paíse. Temos di, que mirar, a dónde se levou agora a xestión das Caixas de aforros...ata os velezolanos. Xestión na que se perderon cartos... Boveda, continúa dicindo, é unha das figuras que loitou e criou no futuro por sí, deste país de Galiza. Bóveda tamén loitou pola liberdade. En palabras de Castelao, dí a miña imaxinación viu unha fogueria en cada ceminterio como outros clamores de xustiza, pero en Pontevedra viu unha

Labarada que chegaba ata o Ceo..., era o espírito de Bóveda que clamaba xustiza. Tera que ser sempre a bandeira da nosa redención. Remata dicindo que para o BNG e para Nos, Boveda, terá que se mañán a bandeira da nosa redención. Nos asumímolo como a bandeira da nosa redención.

Seguidamente, intervén o Voceiro do IVI, D. Guillermo Leal Insua, e dí que o seu Grupo vai votar a favor, di que todos coñocen a figura de Bóveda, pero e ben recordar eses feitos para non caer outra vez neses erros, porque pensan que eses erros cometidos non poden volver a suceder.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, con dez votos a favor, que supón a maioría absoluta dos membros que integran a Corporación Municipal, que resultan ser: PSdG-PSOE, seis (6); BNG, dous (2) e IVI, dous (2) e cinco abstencións (5) do PP,

ACORDA:

Unirse á reivindicación nos tres puntos da petición de comunicación institucional de apoio á petición o Parlamento de Galicia sobre rehabilitación pública e política de Alexandre Boveda Iglesias”.

6º.- ESCRITO DO COLECTIVO DE EMIGRANTES RETORNADOS DA MARIÑA, SOLICITANDO APOIO DESTA CONCELLO, AOS VECIÑOS/AS POLA RECLAMACION DA AXENCIA ESTATAL TRIBUTARIA.

Pola Sra. Alcaldesa dase conta de escrito do Colectivo de Emigrantes Retornados que dí:

EXPOSICION DE MOTIVOS



“Galiza padeceu, e continúa padecendo, unha emigración brutal. Miles de galegos e galegas emigraron desde comezos do século XIX a moitos países para procurar un medio de vida. Hoxe, persoas mozas cunha alta cualificación, tamén se ven obrigadas a facer o mesmo que fixeron os seus avós e avoas para poderen ter un traballo. Moitas das persoas emigrantes, xa de retorno na Galiza e en idade de xubilación, son beneficiarios de pensións que perciben de estados estranxeiros. Nos últimos meses este colectivo comezou a recibir requirimentos da Axencia Tributaria para que declaren as cantidades percibidas durante o ano 2008 en concepto de pensións no estranxeiro, coa finalidade de proceder á regularización ou no seu caso formulación da declaración sobre o imposto das persoas físicas correspondente ao exercicio de 2008. Estes requirimentos, que tamén indican a obriga de realizar esta actualización en relación cos exercicios de 2009, 2010 e 2011, estanse producindo nos últimos días de forma masiva en toda Galiza afectando a milleiro de persoas pensionistas retornadas, e de forma moi intensa, tamén a veciños e veciñas do noso concello.

Hai que constatar que estas persoas nunca recibiron ningún tipo de información en relación coa súa obriga de declararen as contías das pensións percibidas no estranxeiro, Existía un total descoñecemento da obriga de facer esa declaración anual do IRPF, o que confirma a falta de intencionalidade ou de defraudar por parte destas, e que se apoia co feito de os estados pagadores nunca lles expediren ningunha certificación en relación cos cantidades percibidas. Con estes antecedentes resulta sorprendente que, cinco anos mais tarde, reciban este tipo de requirimentos por parte da Axencia Tributaria, coa advertencia dunha posibel sanción sanción por non teren cumprido con obrigas tributarias que descoñecían. E cando os evasores fiscais se benefician de amnistias, constitúe unha auténtica inmoralidade a simple ameaza dunha sanción a estas persoas, traballadores e traballadoras emigrantes retornadas. Desde o mes de febreiro veñen mantendo reunións coa Axencia Tributaria sen que se obtivesen resultados concretos, agás a posibilidade de ampliación de prazos para o pago das declaracións complementarias.

Por outro lado, até hai poucos días os expedientes sancionadores referíanse ao exercicio de 2008 e permitían a presentación en período voluntario das declaracións dos anos 2009, 2010, 2011 e 2012. Porén temos coñecemento de que recentemente hai persoas que recibiron expedientes que inclúen todos os exercicios, un fiato que complica de forma moi relevante a súa situación. A única saída a esta situación é que o Goberno do Estado anule todos os expedientes sancionadores e que se inicie unha campaña par ainformar adecuadamente as persoas pensionistas afectadas das súas obrigas tributarias futuras, obviando os exercicios do período 2008-2012. Esta medida é a única razoabel exusta tendo en conta a inexistencia de información e a ausencia de responsabilidade e por tanto de vontade de fraude por parte destas persoas.

E sen prexuízo das medidas urxentes para evitarlles esta penosa situación, é preciso que, por parte do Goberno do Estado para evitar novas situacións, se revisen os convenios marco con outros países, como por exemplo o establecido con Alemaña no ano 2012.



Por sio, o Colectivo de Emigrantes Retornados da Mariña solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción de seguinte ACORDO:

1º.-Manifestar o apoio deste concello aos veciños e ás veciñas beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria.

2º.-Instar á Xunta de Galiza a

- 1. Establecer mecanismos para colaborar con este concello na prestación de asesoramento a todas as persoas afectadas que o precisaren.**
- 2. Demandar do Goberno do Estado a adopción urxente das seguintes medidas:**

. ---A anulación de todos os expedients sancionadores instruídos pola Axencia Estatal Tributaria e que se lles notificaron nos últimos meses a persoas beneficiarias galegas de pensións no estranxeiro por non tributaren por estas cantidades nos exercicios a partir do ano 2008, tendo en conta o absoluto descoñecemento que tiñan desta obriga tributaria.

. -- --Facilitar a regularización da situación do período 2008/2012 se foxar àra as persoas que se atopen nesta situación nen recargos, nen intereses de demora.

. ---A revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidan volver a producirse no futuro.

3º.-Demandar do Goberno do Estado unha modificación legislativa que fixe un mesmo réxime do IRPF con independencia de se estas proceden dun Estado ou de varios Estados.

4º.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza e Congreso de Deputados.

Aberta a quenda de intervencións prodúcense as seguintes:

A Sra. Alcaldesa para dicir que non houbo ningunha intención de defraudar senon falta de información e que o seu grupo vai votar a favor.

Intervén o Voceiro do PP., D. Antonio J.Bouza Rodil e dí que este tipo de iniciativas particulares terían que vir doutra maneira, para que sepamos a quén dirixirnos, teñen o noso apoio e remitímonos a proposta non de Lei da Xunta de Galica, e que en liñas xerais, teñen moito parecido a este escrito, e dí que sin entrar a comentar, vemos que estánse a tratar asuntos que non consideramos que nós teñamos competencias e vámonos abster.

Intervén a continuación o Voceiro do BNG, D. Bernardo José Fraga Galdo e dí que o seu Grupo vai votar a favor. Nesta sala de plenos xa se tratou o asunto e xa dixemos que estaríamos de acordo coa súa mocion, é evidente que isto deixa ver un afán recadatorio. e sempre para xente mais débiles.Xente que se ten que emigrar



e, no momento que volven, sin ningun tipo de informacion, agora se lles manda pagar. Eles tamén queren que non se lles multe e que non sexa con carácter retroactivo. Ese tipo de sancions fanse con carácter retroactivo do ano 2008. e xa vemos que a crise quén na paga son eles e os mais débiles e os que menos recursos teñen...

Intervén o Voceiro do IVI, D. Guillermo Leal Arias que comeza a súa intervención dicindo, “vexo inaúdito que o partido popular diga que non vai entrar neste tema porque non lle afecta ao concello.

Hai moitos emigrantes, sobre todo en Viveiro, que tiveron que pagar sancions cuantiosas e elevadas e esto é perseguir ao cidadán. A Axencia Tributaria di trata de perseguir aos contribuintes, pero non aos defraudadores, que non os coñece, exemplo é cando se fala de Bárcenas,, Continúa dicindo que a Axencia ten que ir polos traballadores pequenos e pola xente que foi traballar para levantar España e dí que as notificacións saliron no mes de xuño, deste ano, e eran sancions e requirimentos do ano 2008. Dí que os “apreta botóns” que hai en Madrid, non sabe porque están..., e non toman medidas parlamentarias para darlles unha solución á xente que, moita dela, incluso, non teñen a posibilidade de facer fronte ás sancions e incluso teñen que estar mantendo fillos, netos e moitos, pedir créditos para pagar as sancions, sancions por ano, e dí que a propia Axencia Tributaria non incluía nin daba a información que tiña, e ocultábaa xa que tampouco ia reflexado nos borradores que todos recibian, pero vese que o único que importa e que se trata de recadar, e dí, recadar como nos traxinaron aos autónomos, que tan preocupado está o partido popular por eles, coa lei de acompañamento aos presupostos incrementouse os pagos de dietas e cotizar nun 100 por 100, e todo coa política de Montouro, e dí que ás pequenas empresas son as que están a sufrir a recadación e son éstas as que están aguantando os postos de traballo e teñen unha base de 12.000 €uros fronte a funcionarios e políticos de 22.000 €, pero aos maiores empresarios non se lles toca. Di, que non se está axudando a esta xente e que non sabe o que fan “ eses fenómenos “ que saíen na televisión...”

Seguidamente, intervén a Sra. Alcaldes, Dona María Loureiro García, e dí que o Grupo de Goberno ten unha responsabilidade, e que representa ao Concello de Viveiro, e ahí é onde hai moitos veciños e veciñas que están afectados, e senón levan este tema ao Pleno..quén o vaia a levar, remata.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes (quinze), acorda:

1º.-Manifestar o apoio deste Concello aos veciños e ás veciñas beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria.

2º.-Instar á Xunta de Galiza a

3. Establecer mecanismos para colaborar con este concello na prestación de asesoramento a todas as persoas afectadas que o precisaren.



4. Demandar do Goberno do Estado a adopción urxente das seguintes medidas:

---A anulación de todos os expedients sancionadores instruídos pola Axencia Estatal Tributaria e que se lles notificaron nos últimos meses a peersoas beneficiarias galegas de pensións no estranxeiro por non tributaren por estas cantidades nos exercicios a partir do ano 2008, tendo en conta o absoluto descoñecemento que tiñan desta obriga tributaria.

. ---Facilitar a regularización da situación do período 2008/2012 se foxar àra as persoas que se atopen nesta situación nen recargos, nen intereses de demora.

. ---A revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidan volver a producirse no futuro.

3º.-Demandar do Goberno do Estado una modificación legislativa que fixe un mesm réxime do IRPF con independencia de se estas proceden dun Estado ou de varios Estados.

4º.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza e Congreso de Deputados.

7º.- CAMBIOS DE TITULARIDADE DE CONCESIONS NO CEMITERIO MUNICIPAL.-

Pola Sra.Alcaldesa dase conta ao Pleno das solicitudes de “concesión administrativa” de terreos no cemiterio municipal, para nichos ou sepulturas, cunha duración de 25, anos renovable en períodos iguais cando o solicitan por escrito os particulares, ben por falecemento do titular, ou ben por permuta entre terceiros, e neste caso previop pago das taxas establecidas, e ven en indicar que se traen a este Pleno os seguintes escritos de solicitude dos devanditos cambios:

7º.1.-).-Visto o expediente de solicitude de cambio de titularidade de concesión no cemiterio municipal presentado por D. RICARDO GONZALEZ PLACER, con NIF 34522344B, e enderezo para notificacións en Cantarrana,nº 5, Viveiro, no que solicita que a concesión administrativa dos nichos sitios no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no que figura a nome de D. Ricardo Gonzalez Fernández, o cambio de titularidade dos nichos sitios no grupo “A”, cadro-6, do cemeterio municipal de Altamira tras o falecemento do seu pai, anterior propietario,o cal finou , ese cambie a titularidade de forma gratuita para D.Ricardo Gonzalez Placer.

Resultando que se presenta a documentación establecida no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello, achegando copia de testamento de data 1-03-2005.Certificado de defuncion e certifiCADE ultimas vontades.

Resultando que consta no expediente informe e reportaxe fotografico do encargao do cemiterio onde informa que a sepultura se atopa en perfecto estado de conservacion.



Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura referida a D.RICARDO GONZALEZ PLACER.

O Pleno Corporativo, por unanimidade, acorda ratificarse no cambio de titularidade concedido por resolución de Alcaldía de data 19 de xaneiro de 2012 a nome de novo titular D. RICARDO GONZALEZ PLACER, e referente ós nichos sito son Grupo A-Cadro –6-Fila 29, Número 1,2 , 3 e 4.

Segundo.- Esta transmisión non supón unha nova concesión senón un cambio da titularidade da concesión existente, nin influíndo ,por tanto, no prazo de vixencia ou duración da mesma.

Terceiro.-Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa á nova titular.

7.2 CAMBIOS DE TITULARIDADE DE CONCESION NO CEMITERIO MUNICIPAL

Visto o expediente de solicitude de cambio de titularidade de concesión no cemiterio municipal, presentado en data de 5 de febreiro de 2013 e a documentación que aporta Dona Josefa Fernández Rouco, con DNI: 76.543.878-Q, con domicilio na Rúa do Camino del Casar,nº 2 en Otero (Toledo) onde solicita que a súa concesión administrativa dun nicho sito no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro no Grupo: “Santa María”, DNI: 00.254.153-A e domicilio na rúa Hermanos Pinzon,nº 20-9º-B de Mostoles-Madrid.

Resultando que se presenta a documentación establecida no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello.

Resultando que consta no expediente informe e reportaxe fotográfico do encargado do cemiterio onde informa que a sepultura se atopa en perfecto estado de conservación.

Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder a transmisión da concesión administrativa do nicho referido a Dona María de la Vega Nieto Lasheras, non supoñendo un nova concesión senón un cambio de titularidade e polo tanto non afectando ó prazo de vixencia ou duración de mesma.

Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira que figura a nome de Dona Josefa Fernández Rouco:

Grupo: Santa María, Fila: 13, Nº 1.

A favor de Dona María de la Vega Nieto Lasheras, previo pago das taxa establecida na Ordenanza Fiscal número 9, Reguladora da Tax DO Cemiterio Municipal de Viveiro.



Segundo.- Esta transmisión non supón unha nova concesión senón un cambio da titularidade da concesión existente, nin influíndo ,por tanto, no prazo de vixencia ou duración da mesma.

Terceiro.-Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa á nova titular”.

7.3-CAMBIOS DE TITULARIDADE DE CONCESION NO CEMITERIO MUNICIPAL visto o expediente de solicitude de cambio de titularidade de concesión no cemiterio municipal, presentado en data 19 de novembro de 2012 e a documentación que aporta Dona Saleta Balseiro Piñeiro, con DNI: 76563442-f, e domicilio na Avda. de Villalba, Portal 2B,3º-A de Covas, da localidade de Viveiro onde solicita que a sua concesión administrativa dos Nichos sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro no Grupo: “San Andres”, Cadro: 8, Fila: C e números 1-2-3- e 4 se transmita a señora Josefa Sánchez López e Severino Pérez Pedre, co DNI nº 76.556.543-P e 33.816.807-E e domicilio no lugar de Telleira,nº 9 de Magazos-Viveiro.

Resultando que se presenta a documentación establecida no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello.

Resultando que consta no expediente informe e reportaxe fotográfico do encargado do cemiterio onde informa que a sepultura ten o tellado en malas condicións e pintura .

Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder a transmisión da concesión administrativa dos nichos referido de Dona Saleta Balseiro Piñeiro, non supoñendo unh nova concesión senón un cambio de titularidade e polo tanto non afectando ó prazo de vixencia ou duración de mesma.

Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa dos nichos sitos no Cemiterio Municipal de Altamira que figura a nome de Dona Saleta Balseiro Piñeiro: Grupo: San Andrés, Cadro: 8”, Ringleira: C e nº: 1-2-3-e 4

A favor de Dona Josefa Sánchez López e Severino Pérez Pedre, co DNI 76.556.543-P e 33.816.807-E e domicilio no lugar de Telleira,nº 9 –Magazos de Viveiro, previo pago das taxas que ascenden a 134,33 €.

Segundo.- Esta transmisión non supón unha nova concesión senón un cambio da titularidade da concesión existente, nin influíndo ,por tanto, no prazo de vixencia ou duración da mesma.

Terceiro.-Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa á nova titular”.

7.4-CAMBIOS DE TITULARIDADE DE CONCESION NO CEMITERIO MUNICIPAL



Visto o expediente de solicitude de cambio de titularidade de concesión no cemiterio municipal, presentado en data 19 de novembro de 2012 e a documentación que aporta Dona Josefa Sanchez López, e Severino Pérez Pedre con DNI: 76.556.543-P e 33.816.8º7-E, e domicilio no Lugar de Telleira, nº 9 de Magazos da localidade de Viveiro onde solicita que a súa concesión administrativa dos Nichos sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro no Grupo: “San Pedro”, Cadro: 7, Fila: A e números 1-2-3- e 4 se transmita a Dona Saleta Balseiro Piñeiro, co DNI: 76563.442-F e domicilio na Avda. Villalba, Portal 2B-3º-A.

Resultando que se presenta a documentación establecida no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello.

Resultando que consta no expediente informe e reportaxe fotográfico do encargado do cemiterio onde informa que a sepultura ten o tellado en malas condicións e pintura .

Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder a transmisión da concesión administrativa do nicho referido que figuran a nome de Dona Josefa Sanchez López e Severino Perez Pedre, non supoñendo unha nova concesión senón un cambio de titularidade e polo tanto non afectando ó prazo de vixencia ou duración de mesma.

Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa dos nichos sitos no Cemiterio Municipal de Altamira que figura a nome de Dona Josefa Sanchez López e Severino Pérez Pedre

Grupo: San Pedro”, Cadro: 7”, Ringleira: A e nº: 1-2-3-e 4

A favor de Dona Saleta Balseiro Piñeiro, co DNI 76.563.442-F e domicilio na Avdaª. de Villalba, Portal 2B-3º-A de Viveiro, previo pago das taxas que ascenden a 134, 33 €uros.

Segundo.- Esta transmisión non supón unha nova concesión senón un cambio da titularidade da concesión existente, nin influíndo ,por tanto, no prazo de vixencia ou duración da mesma.

Terceiro.-Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa á nova titular”.

7.5-CAMBIOS DE TITULARIDADE DE CONCESION NO CEMITERIO MUNICIPAL

Visto o expediente de solicitude de cambio de titularidade de concesión no cemiterio municipal, presentado en data 28 de xaneiro de 2014 e a documentación que aporta Dona Divina Martinez Beaz con DNI: 33.681.034-H e domiciliada na rúa de Nicolas Cora Montenegro, nº 59-2º-B de Viveiro, onde solicita que a concesión administrativa dos nichos sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro no Grupo: Santiago”, Cadro: 7, Fila A e número: 3-4 a nome de don Aurelio Castro



Saco o cal finou o =8 de Agosto de 2009, cambie de titularidade para a súa esposa Dona Divina Martinez Beaz de forma gratuita.

Resultando que se presenta a documentación establecida no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello. Achégase a fotocopia do testamento de data 11-11-1991 onde o notario da fe.

Resultando que consta no expediente informe e reportaxe fotográfico do encargado do cemiterio.

Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder a transmisión da concesión administrativa dos nichos no Cemiterio Municipal de Altamira que figuraban a nome de Don Aurelio Castro Saco, a favor da súa esposa Dona Divina Martinez Beaz de forma gratuita.

Grupo. "Santiago", Cadro:7, Fila: A e nº: 3 e 4.

Grupo. "Santiago", Cadro:7, Fila: A e nº: 1 e 2

A favor de Don. Justo Giz García de forma gratuita, si finou deberán os herdeiros solicitar o cambio da concesión.

Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa dos nichos no Cemiterio Municipal de Altamira que figuraban a nome de Don Aurelio Castro Saco, a favor da súa esposa Dona Divina Martinez Beaz, de forma gratuita.

Grupo. "SANTIAGO", Cadro:7, Fila: A e nº: 3 e 4.

Segundo.- Esta transmisión non supón unha nova concesión senón un cambio da titularidade da concesión existente, nin influíndo ,por tanto, no prazo de vixencia ou duración da mesma.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa á nova titular".

7.6 CAMBIOS DE TITULARIDADE DE CONCESION NO CEMITERIO MUNICIPAL

Visto o expediente de solicitude de cambio de titularidade de concesión no cemiterio municipal, presentado en data 19 de novembro de 2012 e a documentación que aporta Dona GENMA ROUCO LOPEZ con DNI: 33.759.400-T, e domicilio na Praza de Juan Donapetry, nº 2-2º-A da localidade de Viveiro onde solicita que a súa concesión administrativa dunha sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro no Cadro: 2, Fila: 3 e número 13 se transmita a Dona Felisa Fernández Candia, co DNI: 33.759.625-H e domicilio Plaza Alcalde José Naya, nº 5-2º- H de Arteixo-A Coruña.



Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa dos nichos no Cemiterio Municipal de Altamira que figuraban a nome de Genma Rouco López, a favor de Dona Felisa Fernández Candia, co DNInº 33.759.625-H e domicilio na rúa Plaza Alcalde José Naya,nº 5-2º-H Arteixo-A Coruña,previo pago das taxas que ascenden a 130,29 €.

Cadro: "2", Ringleira: 3 e nº: 13.

Segundo.- Esta transmisión non supón unha nova concesión senón un cambio da titularidade da concesión existente, nin influíndo ,por tanto, no prazo de vixencia ou duración da mesma.

Terceiro.-Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa á nova titular".

7.8 CAMBIOS DE TITULARIDADE DE CONCESION NO CEMITERIO MUNICIPAL

Visto o expediente de solicitude de cambio de titularidade de concesión no cemiterio municipal, presentado en data 14 de marzo 2012 e a documentación que aporta Dona ANTONIA PEREZ LEAL con DNI: 33.760.023-W, e domicilio En Valdeflores,53-Magazos.- Viveiro onde solicita que a concesión administrativa a nome de Dona DORILA LEAL FERNANDEZ, faleceu en data 23.-02- 2013.- dunha sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro no Cadro: 2, Fila: 6 e número 2 se transmita á filla Dona Antonia Pérez Leal.

Resultando que se presenta a documentación establecida no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello.

Achégase a fotocopia do testamento de data 05-06-1997 onde o notario da fe.

Resultando que consta no expediente informe e reportaxe fotográfico do encargado do cemiterio.

Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder a transmisión da concesión administrativa dos nichos no Cemiterio Municipal de Altamira que figuraban a nome de Dona Dorila leal Fernández, a favor da súa filla Dona Antonia Pérez Leal.

Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade,

ACORDA:

Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura no Cemiterio Municipal de Altamira que figuraban a nome de Dorila Leal Fernandez, a



cal finou o 23 de febreiro de 2013, cambie de titularidade para a súa filla Dona Antonia Pérez Leal , de forma gratuita.

Segundo.- Esta transmisión non supón unha nova concesión senón un cambio da titularidade da concesión existente, nin influíndo ,por tanto, no prazo de vixencia ou duración da mesma.

Terceiro.-Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa á nova titular”.

7.9-CAMBIOS DE TITULARIDADE DE CONCESION NO CEMITERIO MUNICIPAL

Visto o expediente de solicitude de cambio de titularidade de concesión no cemiterio municipal, presentado en data 14 de marzo 2012 e a documentación que aporta Dona MARIA DOLORES PARDIÑO ALVAREZ, co DNInº 76.543.781-B, domiciliada en Xunqueira, 146, de Viveiro, que solicita que a concesión administrativa a nome de Dona MARIA CONCEPCION REMEDIOS ALVAREZ GONZALEZ , falecida cona data 17.04.2012 e dona duns nichos sita no GRUPO: SAN GEMAN, Cadro: -Fila: 36-números 1-2-3-y 4-Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro no Cadro: 2, Fila: 6 e número 2 se transmita á filla.

Resultando que se presenta a documentación establecida no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello. Achégase a fotocopia do testamento de data 07-09-2012 onde o notario da fe.

Resultando que consta no expediente informe e reportaxe fotográfico do encargado do cemiterio

Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder a transmisión da concesión administrativa dos nichos no Cemiterio Municipal de Altamira que figuraban a nome de Dona Concepción Remedios Alvarez Gonzalez, a favor da súa filla Dona Mª.DOLORES PARDIÑO ALVAREZ..

Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade,

ACORDA:

Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura no Cemiterio Municipal de Altamira que figuraban a nome de Mª.Concepción Remedios Alvarez Gonzalez, a cal finou o 17-04-2012, cambie de titularidade para a súa filla Dona Mª.Dolores Pardiño Alvarez , de forma gratuita.

Segundo.- Esta transmisión non supón unha nova concesión senón un cambio da titularidade da concesión existente, nin influíndo ,por tanto, no prazo de vixencia ou duración da mesma.



8º.- MOCION QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE VIVEIRO CON MOTIVO DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGANICA POLA QUE O GOBERNO DE ESPAÑA PRETENDE REVISAR A LEXISLACION SOBRE SAUDE SEXUAL E REPRODUCTIVA E INTERRUPCION VOLUNTARIA DO EMBARAZO

A Sr^a. Alcaldesa inicia a súa intervención sinalando que primeiro vai presentar o seu argumento e despois o Voceiro do BNG, D. Bernardo Fraga Galdo, que ten a mocion posterior, pode argumentar a súa Moción para posteriormente debatila conxuntamente.

EXPOSICION DE MOTIVOS

Continúa a Sra Alcaldesa dicindo que o tema da moción e con motivo da reforma que quer facer o Goberno da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do

embarazo, xa aprobada polo Partido no Goberno PSOE. Esta Lei, dí, aprobada polo PSOE, recolle a garantía dos dereitos fundamentais no ámbito da saúde sexual e reprodutiva, regula as condicións da interrupción voluntaria do embarazo e establece as correspondentes obrigacións dos poderes públicos.

No seu texto, declárase o dereito de todas as persoas a adoptar libremente decisións que afectan á súa vida sexual e reprodutiva, sen máis límites que os derivados do respecto aos dereitos das demais persoas e á orde pública garantido pola Constitución e as Lei. E recoñécese o dereito á maternidade libremente decidido o que implica non só recoñecer ás mulleres a capacidade de decisión sobre o seu embarazo, senón tamén que esa decisión, consciente e responsable, sexa respectada.

A Lei, que veu substituír a unha regulación que vinte e cinco anos atrás supuxera un avance na protección das mulleres, foi elaborada, debayida e aprobada desde o consenso coa gran maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, tras o traballo en sede parlamentaria dunha Subcomisión na Comisión de Igualdade na que se contou coa participación dunha trintena de expertos e considerando as recomendacións de expertos xuristas e profesionais da bioética e a sanidade. Ademais, reforxou a seguridade xurídica na regulación da interrupción voluntaria do embarazo e incorporou a xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, así como distintos pronunciamentos, en forma de conclusións e recomendacións, do Consello de Estado e organismos internaiconais de Nacións Unidas, da Organización Munidial da Saúde, do Copnsello e da Unión Europea.

O Goberno anunciou unha revisión desta lexislación que representaría un extraordinario retroceso normativo, social e ideolóxico e volvería situar ás mulleres españolas na clandestinidade, suprimindo o seu dereito a decidir



responsable, consciente e libremente sobre a súa xexualidade e maternidade, e afectando á súa seguridade xurídica e á dos profesionais do noso sistema de saúde, así como á garantía no acceso ás correspondentes prestacións sanitarias.

Neste sentido, o 20 de decembro de 2013 presentouse no Consello de Ministros un Anteproxecto de Lei Orgánica cuxo contido confirmou, e tristemente superou, as peores conxecturas acerca dos seus desastrosos efectos sobre a liberdade e os dereitos das mulleres.

Co Anteproxecto aprobado polo Goberno suprímese o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo nas primeiras catorce semanas, considerándose como delito despenalizado só nos supostos de violación e “grave perigo para a vida ou a saúde” da muller, privando a esta do seu dereito a decidir sobre a súa maternidade. Suprímese tamén, por tanto, o malformación ou anomalías fetais incompatibles coa vida, que tiña xustificando a interrupción do embarazo dando os anos oitenta do século pasado.

Esta norma nos só suporáun grave retroceso de máis de trinta anos para a lexislación española neste ámbito, e o incumprimento de compromisos internacionais en materia de dereitos sexuais e reproductivos e de liberdade das mulleres a decidir sobre a súa maternidade.

. Continúa diciendfo que D.Alberto Ruis Gallardón quer desfacer esta Lei para facer e elimina a posibilidade de que unha muller poida abortar cando sexa en caso de enfermidade grave. mulleres de primeira e de segunda categoría.

De primaría, con recursos económicos que poden ir a outros países donde esta en vigor a lei que temos actualmente; e mulleres de segunda, que poñen o risco a súa vida xa carecen destes recursos económicos e poñen en risco as súas vidas abortando na clandestinidade.

Por esta razóns, o Concello de Viveiro propoñe a adopción do seguinte acordo:

1º.- O Concello de Viveiro insta o Goberno de España a retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo”.

Aprobada darase traslado da mesma ós grupos políticos presentes no Congreso de Deputados.

Interven Bernardo Fraga Galdo , voceiro do Grupo Municipal do BNG, e dí que o seu grupo pola entrada en vigor da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo de saúde e reprodutiva e da interrupcion voluntaria do embarazo supuxo un paso importante á hora de reducir as barreiras que limitaban o acceso das mulleres ao aborto, aínda que presenta aspectos moi mellorábeis como son: non regular adecuadamente a obxección de conciencia, a privatización da prestación, a estigmatización de quen



practica interrupcións voluntarias do embarazo, a minusvaloración das mulleres ao impor un período de reflexión obrigatoria unha vez comunicada a intención de interromper o embarazo ou a obrigatoriedade de recibir información acerca das axudas ás nais..Así a posta en marcha deste novo marco regulador presenta carencias evidentes que dificultan o acceso as interrupcións voluntarias do embarazo.O mais grave son as limitacións de acceso á sanidade pública que na práctica supoñen que a inmensa maioría das mulleres no teñen posibilidade de recibir esta prestación na súa área sanitaria na rede pública.A consecuencia directa disto é o feito de se veren obrigadas a desprazarse a clínicas privadas e, en certos casos, de teren que acudir a Madrid ou a outros lugares para poderen levar adiante a súa decisión de non continuar co embarazo. Esta situación é claramente corrixibel de existir vontade política.É certo que a regulación non reflicte a obriga de prestación directa deste servizo, e que abre as portas a que fiquen fora do ámbito público.Mais é evidente que na práctica se está a producir unha privatización desta prestación, un feito que nos preocupa e que os poderes públicos deben corrixir.Só existindo unha oferta desde o ámbito público se pode garantir o acceso igualitario a esta prestación en todo o territorio galego.

ACORDO

- 1.- Instar a Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e aom Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.
- 2.- Instar a Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupción voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de gaantir a igualdade no acceso a esta prestación.
- 3º.- Instar á Xunta de galiza a garantir que a informacion que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva.Para este fin, eliminaranse as referencias á Red madre na información que facilite a Xunta de Galiza.
- 4º.- Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.
- 5º.- O Concello porá en marcha , a través da área de igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se inform ás mulleres dos recursos cos que contan para interromperen voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei.

Continúa dicindo que o seu Grupo, quer deixar claro a lei retrógada, feita por grupos ultraconservadores que fai un retroceso de moitísimos anos para a igualdade



da muller do estado española, e pensamos que as mulleres decidan co seu corpo, posto que son libres,. E esta Lei crea a emigración do aborto, pois teránse que marchar de Galiza e doutras localidades para abortar ou facelo no galpón da súa casa.

.Intervén, en representación do PP, Dona Cándida Mendez Salgado para indicar que o seu Grupo vai defender a vida, e que non é ningunha cousa nova porque xa se defende polo Tribunal Constitucional e ese proxecto de vida ha de ser protexido. Por outra banda o Pleno de Viveiro non é competente para discutir estes temas e terá que ser dabatido nas Cortes Xerais cando o permita o Goberno.

Seguidamente, intervén o voceiro do Grupo de Independentes de Viveiro (IVI) Don Guillermo Leal Arias e comeza a súa intervención dicindo que non sabe para que vimos ao Pleno, xa que nada é da nosa incumbencia, referíndose ás respostas do voceiro do PP.) e continúa dicindo que este tema ven en afectar as mulleres de Viveiro pero que parece que é mellor adoptar outras posturas e non intervir porque o tema é difícil. Engade que é conforme, e defende que haxa campañas de información sobre a prevención e os riscos, e que as mulleres poidan ter a liberdade para tomar as súas opcións e decisións. Temos que ter unha opinión e dicila, pero tamen entendemos que haxa abstención por parte do Grupo do PP porque no Partido Popular non hai unha postura fixa.

Finalmente, respóndese pola Sra. Alcaldesa e dí que tamén dí a Constitución que hai que ter “dereito a unha sanidade universal e parece que vamos por outro camiño moi distinto.

Non existindo máis debate sobre este asunto, e contando coas dúas propostas das respectivas mocións tratadas conxuntamente, procédese a súa votación, acordándose con 10 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.-O.E. (6); B.N.G.(2); e iVi,2,, e 5 abstencións correspondentes ó grupo do P.P. , e ACORDA:

1º.- Insta o Goberno de España a retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo”.

1ºbis).- Instar a Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

2º.-



Instar a Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupción voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de gaantir a igualdade no acceso a esta prestación.

3º.-Instar á Xunta de galiza a garantir que a informacion que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva.Para este fin, eliminaranse as referencias á Red madre na información que facilite a Xunta de Galiza.

4º.- Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.

5º.- O Concello porá en marcha , a través da área de igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informa ás mulleres dos recursos cos que contan para interromperen voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei.

9º.-MOCION DO P.P. SOBRE ADHESION AO “PROXECTO EMPRENDE EN 3” DE DINAMIZACION DE TRAMITES PARA A CREACION DE EMPRESAS.

D. Jaime de Olano Vela, Viceportavoz do Grupo Municipal do P.P. no seu nome , e ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa discusión e, no seu caso aprobación, no próximo Pleno Ordinario a seguinte

MOCION.- SOBRE ADHESION AO PROXECTO “EMPRENDE EN 3” DE DINAMINACION DE TRAMITES PARA A CREACION DE EMPRESAS.

EXPOSICION DE MOTIVOS

O Goberno de España, a través do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en colaboración co Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) puxo en marcha unha ferramenta que permite ós emprendedores realiza-los trámites necesarios para a creación e apertura dunha empresa de forma simultánea coas tres administracións públicas –estatal, autonómica e local- de forma áxil e xinxela. Aproveitando as posibilidades que hoxe en día ofrecen as novas tecnoloxías, ponse en marcha un portal único desde o que o emprendedor realizará os trámites necesarios ante a administración pública correspondente, que será a encargada de tramitar a parte do expediente da súa competencia.



Con esta nova ferramenta, España situarase, en relacións ós prazos para a creación de unha nova empresa, no entorno dos países máis avanzados do noso entorno, de maneira que os emprendedores poderán iniciar a súa actividade no entorno das 24-48 horas.

En definitiva trátase de que o emprendedor encóntrese con unha “alfombra roxa” por parte das administracións públicas tanto á hora de poñer en marcha o seu proxecto empresarial coma cando ha de comunicarse coa administración estatal, autonómica e local.

Dende o noso Grupo Municipal vimos reclamando repetidamente a necesidade de colaboración entra as distintas administracións públicas ao obxecto de prestar uns servizos de calidade a nosos veciños o menor coste posible, e esta moción e o Programa EMPRENDE EN 3” recolle estes principios de colaboración. Eficacia, e eficiencia que consideramos han de guiar a actuación das administracións públicas.

Por todo o exposto,

O Grupo Municipal do Partido Popular somete á aprobación do Pleno do Concello de Viveiro o seguinte ACORDO:

1º.-Proceder á adhesión do Concello de Viveiro ó Programa “EMPRENDE EN 3” CREADO POLO Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

2º.-Facultar a Sra.Alcaldesa, Dona María Loureiro García a que realice os trámites necesarios para a adhesión o Programa EMPRENDE EN 3”.

Aberta a quenda de intervencións

Prodúcese a da Sra. Alcaldesa, Dona María Loureiro García, para dicir que o seu grupo vai votar a favor de todo o que sexa eliminación de burocracia e axilización de trámites.

Intervén o representante do Grupo Municipal do BNG, D.Bernardo José Fraga Galdo, para dicir que paa que esto se día tamén hai que ter cartos e recibir créditos pero é beneficioso para os que queiras “emprender” e o noso grupo vai votar a favor.

Intervén o voceiro do IVI, D.Guillermo Leal Arias, e dí que lle parece ben que se leve a diante todo o que sexa axudar ós empresarios e o seu grupo vai votar a favor.

Non existindo mais intervencións, sométese a votación este asunto, acordándose, por unanimidade, con 15 votos a favor de todos os membros presentes o seguinte ACORDO:

1º.-Proceder á adhesión do Concello de Viveiro ó Programa “EMPRENDE EN 3” CREADO POLO Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.



2º.-Facultar a Sra.Alcaldesa, Dona María Loureiro García a que realice os trámites necesarios para a adhesión o Programa EMPRENDE EN 3”.

10º.- MOCIONS DO BNG:

A) REALIZACION DUNHA ORDENANZA REGULADORA DOS SERVIZOS DE TAXIS NO CONCELLO DE VIVEIRO.

Presenta a Moción o Voceiro do BNG,D.Bernardo José Fraga Lago, que pasa a leela integramente e di:

O Concello de Viveiro, conta con 22 licenzas de taxis en todo o Municipio, pero carece dunha Ordenanza reguladora do funcionamento dos vehículos que prestan este servizo no noso Concello.

A día de hoxe, existen dúas paradas de taxi no entorno urbano de Viveiro, situadas na Praza de Lugo e na Estación de Autubuses. Ademais conta cunha parada sinalizada na Rúa do Porto en Celeiro, á que están asignadas 3 prazas, e dúas paradas no entorno rural, con cada a súa Praza, unha situada en Galdo e outra en Chavín, que carecen de localización específica.

O credemento urbanístico de Viveiro, así como a distancia entre os diferentes núcleos de poboación, fai necesario adaptar a actual situación á actualidade, mellorando as condicións e o acceso ao servizo dos cidadáns do noso Concello.Entendemos dende este Grupo Municipal, a necesidade de crear, cando menos, unha parada na Avenida de Cantarrana e outra na zona de Covas, unha de atención aos pacientes do ambulatorio, no entorno do mesmo, e outra na zona de Xunqjueira.

Estas novas paradas, achegarían o servizo de taxis ás veciñas e veciños, e facilitarían a mobilidade dos taxis en todo o entorno urbano de Viveiro.

Así mesmo, e conforme á normativa vixente, así como a recén aprobada pola Xunta de Galiza, a Lei 4/2013, do 3º de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, a circulación dos taxis é posible con total liberdade en todo o entorno municipal, non existen limitacións para uso das paradas, agás o habitual en función da chegada á mesma, así como para a recollida de pasaxeiros, sempre e cando se garanta a seguridade viaria.

A libre circulación debe ser garantida polo Concello de Viveiro. Na actualidade existen certas restricións de circulación e parada entre o colectivo de taxistas, situación motivada pola falta de normativa no Concello de Viveiro, que aclare esta cuestión.

Ademais os taxis de Viveiro, carecen na actualidade de taxímetro, pero a súa adaptación á Lei 4/2013, conforme á disposición transitoria décima, obriga para concellos demenos de 20.000 habitantes a súa instalación con data anterior ao 15 de xuño de 2015 (2 anos despois da publicación da lei no DOG).

A lei 4/2013, obriga na súa disposición derradeira terceira indica “Os concellos adaptarán as súas ordenanzas reguladora do servizo de taxis ao previsto nesta lei no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor”, dito prazo remata o 15 de xuño de 2014, e o Concello de Viveiro, carece na actualidade de ordenanza reguladora.



Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG de Viveiro, entendemos a necesidade e urxencia da elaboración por parte do Goberno municipal dunha Ordenanza Reguladora dos Taxis en Viveiro, que garanta regule e garanta a igualdade na prestación dos servizos de transporte en taxis ás veciñas e veciños de Viveiro.

SOLICITASE:

1 – Instar ao Goberno Municipal a realizar no prazo tope do 15 de xuño de 2014, unha ordenanza reguladora dos taxis no concello de Viveiro, tal e como indica a Lei 4/2013, que adapte a situación das e dos taxistas á normativa actual e garanta a igualdade de condicións de circulación e parada entre os taxistas con licenza vixente.

2 – Instar ao Goberno Municipal a crear 4 novas paradas de taxis en Viveiro: na zona do Ambulatorio, na Avenida de Cantarrana (ou rúas adxacentes), Suasbarras e na zona de Xunqueira, unha vez aprobada a ordenanza municipal.

3 – Instar ao Goberno Municipal a controlar aos profesionais con Licenza doutros Concellos, e que realizan servizos dende Viveiro, sen cumprir a normativa vixente.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

Intervén en representación do grupo municipal do Partido Popular D. Celestino Valentín García Paz e ven en felicitar ao Grupo Municipal do BNG e dí que están de acordo coa exposición de motivos como o que se modifica. Di que hai que aplicar a lei e según o número é conforme a cidade de 1.000 habitantes por taxi. Fago este comentario polo aumento de paradas. Viveiro se encontra con problemas porque non hay Ordenanza, nin Regulamento, e unha cidade coma nosa temos o problema e, estamos de acordo na libre circulación de parada, pero quero matizar este punto e sabemos que hai problemas porque non temos regulamento e non hai lei. Con respecto ao primeiro punto, estamos totalmente de acordo, pero con respecto ao segundo punto, pensamos que sería necesario a creación de algunha parada como por exemplo: en Cantarrana-Covas; unha no Pazo de Grallal-Cidade veraniega. Tamén conforme en Verxeles-cerca da rotonda para que día acceso ao ferrocarril. Estamos de acordo coa moción.

Intervén a Sr^a. Alcaldesa, Dona Maria Loureiro García , para dicir que xa se está elaborando, en colaboración coa Deputación, na Area de colaboración cos Concellos, a incorporación do taxímetro e outras cousas recollidas tamén e polo tema de paradas non vai haber problemas, xa que antes de aprobar o Regulamento teremos reunións co colectivo de Taxistas e cos representantes dos Grupos Municipais podemos levar a cabo un debate. O intrusismo xa houbo moitas reunións é complicado porque un taxista de outro concello non pode facer o servizo no concello de Viveiro excepto a petición do usuario. Dí tamén que con respecto ao intrusismo e moito máis complexo e haberá que solicitar a colaboración da policía local para que acuda ao lugar.



Intervén o voceiro do Grupo municipal do IVI, D. Guillermo Leal Arias para comentar que o seu grupo vai votar a favor e que está de acordo en que haxa previamente reunións e se conte coa opinión dos profesionais que son os que mellores nos poden especificar as zonas de instalación de servizos.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese a súa votación, acordándose con quince votos a favor, de todos os membros presentes, aprobar a proposta da presente moción e que se indica anteriormente..

10º. - MOCIONS DO BNG

C) POLA QUE SE DEMANDAN AS MEDIDAS QUE GARANTAN A UNIVERSALIDADE E A GRATUIDADE DA SANIDADE PUBLICA-

Intervén en representación do Grupo Municipal do BNG, D. Manuel Galdo Dopico e dí que xa que as noticias que nos dan esperabamos que non no aplicar esto voy leer a moción

EXPOSICION DE MOTIVOS

A aprobación por parte do Goberno do Estado dunha Resolución pola que se obriga aos pacientes ambulatorios a afrontar o copago das menciñas que lle son dispensadas na farmacia dos centros hospitalarios significa cruzar todas as liñas vermellas da sanidade. Con esta medida cobraranse medicamentos como Afinitor ou Tyverb empregados en casos de mama, ou Votrient ou Temodal para o tratamento de cancro de ril e tumores cerebrales respectivamente, así coma outras medicacións para a leucemia meiloide crónica, o tratamento de tumores malignos resecábeis e/ou metastásicos do estroma gastrointestinal (GIST), a artrite reumatoide, a dexeneración macultar ou a hepatite C crónica. E así até 157 presentacións farmacolóxicas de pouco mais de 50 medicamentos, que segundo sinala o BOE, cumpre coas condicións para ser considerados de aprotación reducida, ao tratarse de medicamentos de eleccións de enfermidades graves ou crónicas, e estando limitada a súa dispensación aos pacientes non hospitalizados nos servizos de farmacia dos hospitales.

A resolución da que estamos a falar fixa a achega conómica do usuario ou usuaria para estes mediamentos, que estan exentos de copagos, nun 10 por cento do seu prezo, cun máximo actualmente fixado en 4,20 Euros, conforme á Resolución do 21 de xaneiro da Dirección Xeral da Carteira Básica de servizos do Sistema Nacional da Saúde. Isto significa que se o medicamento custa 30 euros a achega será de 3 euros, pero si o medicamento custa 100 euros a achega non poderá superar os 4,20 euros.

A decisión responde a unha política totalmente antisocial e inxuta, coherente coas formulacións neoliberais, que deixa desprotexidos a pacientes con patoloxías graves ou crónicas que xa pola súa enfermidade teñen o seu poder adquisitivo reducido e que , ademais, xa consumen outros medicamentos sometidos a copago, e que deixan de tomalos poñendo en grave risco a súa vida. A decisión que vimos de referir recollida no BOE deixa en mans das Comunidades Autónomas a posibilidade ou non de ser aplicada e nese sentido demandamos do Goberno da Xunta de Galiza una posición análoga á que xa fixeron comunidades como Asturias,



País Vasco, Andalucía, Castela León, Canarias e Navarra. E outra mais recente que fala da non aplicación a Comunidade de Castilla-La Mancha, (A Cospedal) e casualmente no le voy a decir a ningún ciudadano que vayan a pagar el co-pago

Por estes motivos o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Viveiro presenta, para o seu debate en Pleno, a seguinte proposta de

ACORDO

- 1) Instar á Xunta de Galiza a que paralice a entada en vigor da Resolución do 10 de setembro de 2013, da Dirección Xeral da Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia, pola que se procede a modificar as condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde mediante a asignación de achega do usuario.
- 2) Demandar do Goberno do Estado a derogación da resolución recollida no BOE do 10 de setembro que establece a obrigatoriedade da achega do usuario para as patoloxías e a carteira de medicamentos fixadas na referida resolución.
- 3) Trasladar o presente acordo á Xunta de Galiza, Goberno do Estado e aos grupos políticos con representación no Parlamento Galego e no Congreso dos Deputados.

Aberta a quenda de intervencións, intervén:

En representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio J. Bouza Rodil, nos levaríamos alguna sorpresa si presentamos estas cantidades pero teño que dicir que esta é unha resolución estatal e as comunidades poden aplicalas ou non. Non estamos de acordo para discutir este tema do que non temos competencia para este tomas de decisión e queremos gastar as nosas enerxías en temas que afecten a este Concello..Vostedes saben que o que se vai recadar en Galiza é insignificante. Polo tanto, se vai tomar a decisión no ámbito que corresponde e non temos competencia aquí, por iso o noso Grupo vaise abster.

Intervén en representación do grupo municipal do PSOE, Dona Maria Isabel Rodriguez López para dicir que O Partido Socialista vamos apoiar esta moción e ademais así, si o BNG está dacordo, propoñemos engadir tamén a eliminación de todo tipo de copago (hospitalario e pensionista e a renuncia de forma inmediata a toda privatización no sistema sanitario público (en Galicia e en todo o Estado español tanto no que se refire os servizos propiamente asistenciais como os que non o son directamente.

O Partido Socialista vai a seguir traballando xunto con miles de galegos e galegas para paralizar a desfeita que está a facer o PP e o Sr. Feijoo en Galiza e conseguir que a Sanidade volva a ser pública, Universal, gratuita e eficiente (que sexa accesible a todo o mundo e con igualdade de oportunidades).

Estou un pouco decepcionada pola postura adeoptada polo PP de Viveiro con respecto a esta moción; amosan muy pouca sensibilidade con respecto a “ dor dos enfermos cronicos” e si moita obediencia as diretrices do Sr. Feijoo.

Xa estamos acostumbrados a que o PP nos diga unha cousa e faga outra, tanto en materia sanitaria, como en educación, emprego, etc...Pero neste último mes estamos a escoitar unha serie de declaracións contradictorias non



entre distintos dirixentes do PP. Referentes o Copago Hospitalario e a outros copagos.

Pero a nivel de Galiza o Sr.Feijoo, o día 7 de xaneiro decía con respecto a este tema “Imos cumprir a Lei” e calificaba dunha demagogia que non merece a Sanidade pública” as posturas que se opoñían a aplicación deste copago dos medicamentos de sispensación hospitalaria (sabemos que quería ser unha das comunidades que primeiro aplicara este copago).

Pero ese mesmo día a nº 2 do seu partido anunciaba que o seu goberno de Castela-La Mancha ía asumir o custo deste copago así como tamen o asumían outras autonomías gobernadas polo pp.

Uns días mais tarde o Vicepresidente Alfonso Rueda decía que Galicia empezaría a aplicar o copago en canto fora posible e a Concelleira Rociíoo Mosquera insistía en levalo a cabo porque (palabras textuais) “Non se pode discriminar os pacientes por onde recollen a medicación nin se pode discriminar dependendo da Comunidade Autónoma onde viven”

Si Castilla-La Mancha non aplica este copago e os enfermos de Galicia si, ¿Non é discriminación esto..?

Ademais o custo para adecuar as farmacias dos hospitais para o control destes copagos probablemente sexa superior o que se recaude, ¿Por qué tampouco se sabe o que costará esto?. Esto só é unha vía para outros copagos.

Bueno, a día de hoxe e despois de todas estas declaracións o Sr.Feijoo nin confirma, nin desminte si cumprirá ou non a lei; e mais, si aplica este copago hospitalario que afecta os enfermos crónicos e os mais graves:

Podería darse o caso de que algunha persoa non tivera recursos para facerlle frente (¿Qué faría a Xunta...deixaríaoo morrer..?).

Contempla o Goberno a obxección de Conciencia dos profesionais que dispensan os medicamentos..?

Vai sancionar ós profesionais que continuen dispensando a medicación a pesar de non terse feito o pago?.De todo isto non sabemos nada.

Ademais no mes de xaneiro tamen coñeciamos que a Xustiza Madrileña plasmou na súa resolución o camor da Sociedade e dos/as profesionais unidos nuha loita pola contiunidade do sistema sanitario público e provocou que o Gobeno do P.P. da Comunidade Autónoma renunciase a privatización da Sanidade Pública.Di que tamén o Consello de Estado que preside Romay Becaria sobre o Borrador para implantar o copago no Transporte Sanitario non urxente que quere facer o Ministerio de Sanidade conclúe “que é mais caro a implantación co que se recaudaría polo que a Ministra Mato víuse arrastrada a dar marcha atrás e retificar os copagos do transporte non urxente, protesis e productos dietéticos.Continúa dicindo...”Creo que o Sr.Feijoo deberá ter en conta o “acontecido en Madrid” estes días porque en Galicia tamén está levando a cabo unha política de privatización, aunque de maneira mais encuberta e a pouquiños; ten privatizado case todo: limpeza, seguridade, mantemento central de chamada, todo o sistema informático e todo a alta tecnoloxía, esterilización(¿qué vai facer cos traballadores...?

Todas as construcións das novas infraestructuras tanto dos Centros de Saude como dos Hospitais (Vigo) os plans directrices (Ourense) investigación, docencia a maioría clínica, etc.ç



So lle queda o persoal, e pra eso xa ten en marcha a estratexia asegurar “A creación das Unidades de Xestión Clínica”.

Ademais ca instrucción 7/ 2013, que nadie coñecía e que se fai pública agora, e que non se consultou con ninguén, divide a Galicia en Tres Grandes Areas” Santiago, Vigo, Coruña en torno a complexos hospitalarios de excelencia.

Un reparto desigual e que concena os doentes e que teñen que asumir desplazamentos mais longos, os Hospitais pequenos e non medrar, e os Comarcais a casi desaparecer e os pacientes ademais a visitar diversos hospitais para distintas consultar.

Pero ademais en “Decembro do 2013” o Goberno da Xunta aprobou unha “Lei de Garantías de Prestacións Sanitarias” que establece uns tempos de espera imposibles de cumprir (60 días), libre elección de médico e hospital, pero da igual porque a finalidade non e preservar os dereitos dos cidadáns e a súa saúde, senon garantir o negocio dos centros privados que reciben cada vez mais derivacións e que agora están avaladas por Lei.

A propósito desta Lei o “Consello Económico e Social de Galicia dice que esto e inviable cos recursos económicos e de persoal que existen nestes momentos.

Todos estos cambios encamiñados a unha mellor xestión de recursos sanitarios externos conducindo a unha Sanidade analizada, Sanidade para ricos e para pobres.

Pero a prepotencia do Presidente da Xunta, o Sr.Feijoo, chogou o seu punto máximo o fin de semana pasado cando “ NO FORO SANIDADE PARA TODOS”, decía textualmente (declaracións no Correo galego do 2 de Febreiro 2014).

Ante la enfermedad solo igualdad, ni rentas, ni patrimonios.

Que el partido socialista no use la Sanidad con fines partidistas

Para o Sr.Feijoo o loigtar por os mais débiles, por os que mais sufren e querer unha sanidade pública, universal, gratuita, e eficiente, son fines partidistas...?

Pero ademais decía “Que a Sanidade Pública ten mais futuro hoxe que fai 2 anos” (Eu coído que se equivocou, o que ten cada vez mais futuro e a Sanidade Privada..

Señalaron tamén que “Los propietarios del sistema de Salud no son los gobiernos ni los partidos , sino los ciudadanos”. “No se puede vender lo que es patrimonio de todos” (Entonces Sr.Feijoo como chama vostede o que está a facer coa Sanidade en Galicia..?

Sr.Feijoo, unha vez mais, pedímolle que escoite o movemento cidadan” e pense mais na saúde e no benestar dos galegos e galegas que no seu sillón de Madrid.

Intervén en representación do Grupo Municipal do IVI,D. Guillermo Leal Arias, e dí que van apoiar esta moción xa que é un punto de dereitos fundamentais á saúde e non deixarse levar por ideais senon ter un pouco de corazón que poidan ter un tratamento con dignidade, pero moitas persoas que debaten esto teñen a cartilla de sanitas ou adeslas, pero a necesidade de que se dian tratamentos adecuados e non



haxa que ir a Lugo e esta é sanidade digna que nos queren vender , andar dun lado pa outro, pero vamos a pelexar para que esto se leva a diante.

Intervén en representación do Grupo Municipal do BNG, Don Manuel Galdo Dopico e dí que o seu grupo vai aceptar a proposta do PSOE de engadir as suas propostas, e digo que Sr.Rodil falou de cantidades pero eu voulle dicir o que hal neste Pais, xa que temos as pension masi baixas do Estado,temos os salarios mais baixos do estado, e penso que o que se está creando novo no vai en aras de subilo. Os veciños teñen que pagar a luz, o gas,os alimentos, e esta situación e insostible para moita xente que non pode facer fronte a catro euros para pagar as medicións e porque non hai de onde salacalos.Se o BNG tivera representación no Goberno este tema non estaría neste Pleno. Se .Feijoo vanagloriabase o outro día e España vai tan ben e Galiza máis,pois podería ser magnánime e axudar a moita xnte que esta deixando a vida polo medicamentos e hai Concellos que van adoptar medidas necesarias para facer fronte ao copago e pido dende eiquí que o Concello de Viveiro se una a este concellos que están en contra do co-pago.

E non habendo máis intervencións, procédese á súa votación, acordándose con 10 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E (6); B.N.G.(2); IVI (2) e 5 abstencións correspondentes ó grupo do P.P., aprobar a proposta formulada na moción do BNG engadindo a proposta do Grupo do PSOE.

11º.-MOCION DO IVI

A) SOBRE O RECHAZO Á APROBACION POR PARTE DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA DO ENLACE DE MAGAZOS A VAC E APOIO OS VECIÑOS AFECTADOS.

O Concelleiro abaixo firmante, Guillermo Leal Arias, voceiro do Grupo Municipal do Partido Independentes de Viveiro (IVI), no Concello de Viveiro, presenta a seguinte Moción de RECHAZO A APROBACION POR PARTE DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA DO ENLACE DE MAGASO A VAC E APOIO OS VECIÑOS, NESTE SENSO:

EXPOSICION DE MOTIVOS

O Consello da Xunta aprobou pasado mes de novembro o trazado do enlace centro de Magazos co a Vía de Alta Capacidade San Cibrao-Ferrol, aínda cando non está demostrado nin que sexa o trazado mais apropiado, nin que teña presuposto para a súa execución.

O Consello da Xunta, non tivo en conta a opinión dos afectados, nin siquera entrou a volarar as mesmas.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do iVi (Independientes de Viveiro) solicita do Plenoda Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS

1 – Apoio os afectados polo trazado na parroquia de Magazos

2 – Rechazo por parte deste Pleno Municipal a aprobación realizada polo Consello da Xunta, sin ter en conta a opinión contraria dos veciños.



3 – Instar a Xunta de Galicia a que recapacite, e teña en conta o trazado mais apropiado para o desenrolo da Mariña e concretamente en esta zona de Viveiro, e que non pense so no económico, pois son obras que posibilitaran que a zona da Mariña Lucense poida ter unhas vías de comunicación como se merece e imprescindibles para o seu crecemento económico.

Aberta a quenda de intervencións, pide a palabra o Concelleiro do P.P., D. Cesar Aja Mariño e dí que este tema xa está bastante debatido e que non cree que exista un capricho da Xunta de Galicia xa que únicamente se axusta a criterios dos Técnicos. A pregunta que quero facer é que si hai que poñer unha conexión para desconxestionar o tráfico que ven dende Area e o de Viveiro, si hai que poñer esa conexión na carretara que vai a Arredoada, dí que a pregunta é donde e en que punhto se pon, e cómo, digo que si é así haberá que mirar donde se pón o mellor enlace ou si non fai falla. Continúa dicindo que cando se aprobou o Plan Xeral xa había unha conexión muy similar para facilitar o tráfico mais conflictivo que ven da Zona de Covas, Celeiro, Si queremos un planteramiento y sacar el trafico de la zona de Viveiro. Dí que apoya a Moción no punto 1º e 3º pero que non está de acordo co punto 2º, por eso si se vota por separado vai votar a favor, do contrario vaino rexeitar.

Intervén a Señora Alcadesa para dicir que este tema non foi debatido senon que o chantaron e punto, debatido foi o inicial, pere este non e afectados hai uns mais que outros porque atravesa fincas.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, como representando do Grupo Municipal do BNG para dicir que ten manifestado publicamente o apoio aos veciños de Magazos, e que aquí están mareando a perdiz, xa que sacar agora un trazado cando non hai presupuestado nin un euro e non hai datas e ademáis hai un acordo plenario que nosoutros vamos respetar. Viveiro xa se quedou sin autovía e todavía seguimos igual. respecto as comunicacións e quedamos apartados. A realidade é que un Viveiro dunha certa poboación importante da comarca esta sin unha carretera desde aquela data que se variou o trazado e levaron a autovía do Cantábrico para Vilalba. Desde aquela, di xa no ano 2005, ,desde aquela, seguimos coma estamos desde fia masi de vinte anos..Espeñiera San Cibrado, Aquí nada de nada e demandamos tamen a xente que esta en Madrid que faiga algo. As cantidades presupuestadas de Castelo-Area son mínimas e así levamos mareando a perdiz mentres que outros pobos van collendo a dianteira e estamos como estamos. Demandamos que a Xunta faiga as obras que Viveiro teña as comunicacións que merece, axeitadas e dignas.

Intervén o Voceiro do IVI, D. Guillermo Leal Arias, para dicir que esta de acordo en que a Xunta se rixe polos Técnicos, pero depdende do color pero dependendo do color da xunta, os tecnicos cambiban totalment. Parecemen ben os criterios tecnicos e os criterios que hai que seguir dignos. Hay carreteras dignas para Pontevedra. A Coruña pero a saída de Viveiro é mais que penoso que salgamos de



Viveiro e que non podamos adiantar en 25 Kms. Cando en este concello se lle deu a medalla a Feijóo, entón prometeu e me prometeu que as variantes se farían para Viveiro, que terían unha lonxitude de non sei canto. Hay dez anos dixo e nada de nada. No ano 2005. Gobernaba o Bipartito, tamén se ofrecía unha partida e 65 millóns para o ano 2009, opfreceu estradas para Viveiro desde la Xunta unha carretera, nada de nada, de nada. Así non poden vir industrias, pero para que alguén, que poida emprender nesta zona, temos que ter comunicacións se non non podemos emprender nada.

Intervén o representante do P.P., D. Cesar Aja Mariño, para dicir que está de acordo co que dice o Sr. Leal e co o que dixo o Sr. Manuel Galdo Dopico, pero tamen lembra que non hai que torpedear sempre aos informes dos técnicos e a pregunta é si dende Area hasta a Arredoada debe haber conexión para facilitar o tráfico de Viveiro e lembra que tamén se opuxeron algún tamén a Variante de Verxeles e Ida Misericordia. ¡,Dios mío si non se tivera feita...!. Tamén para facer o polígono houbo que expropiar ou pagar o xusto precio e algún foron beneficiados e outros non tanto. Hai que ter as cousas claras e digo que os cartos que estaban consignados cando o dixo o Sr. Feijóo foron para Ortigueira para esa infraestrutura houbo acordo plenario donde se paralizou e agora y ahora estamos en un retraso tan grande en Viveiro.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose con 10 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E., B.N.G., e I.V.I. e 5 votos en contra correspondentes ó grupo do P.P. queda aprobada a Moción coa dúas propostas formuladas.

13.- ROGOS E PREGUNTAS

Polo Concelleiro D. Jesus Fernández Fernández, voceiro do Grupo Municipal do Partido de independentes de Viveiro (iVi), formula os seguintes **ROGOS**

1.- ROGAMOS se nos explique si existe algunha partida orzamentaria para o exercizo 2014 para continuar coas obras na antiga Casa de Calvo Sotelo, na rúa Irmáns Vilar Ponte. E así mesmo como está o tema das tres portas que “desapareceron”.

rR.- Pola Sra. Alcadesa contestar que non hai ningunha partida para esa finalidade. Coas obras realizadas pretendíase consolidar o inmovible, mellorando esteticamente e evitando un posible perigo. Canda haxa consignación continuarase coas obras. Con respecto as portas, o único que podemos indicar é que foron usurpadas pola empresa que as realizou e que o tema está no xulgado.

2.- Da parcela contigua a Correos, no Lodeiro, cedida no seu día á Tesourería da Seguridade Social, volta a estar chea de fochas, socavóns e poceiras, **ROGAMOS** nos informen como se atopa a solicitude para a reversión do terreo ao Concello, para poder arranxar ese espacio.

Intervén a Sra. Alcadesa para contestar que Periódicamente contrátase maquinaria para adecentar no posible a zona. Debido a que non ten recollida de pluviais e a que o chan é de zahorra, é imposible que non se xeren socavóns . A día de hoxe non encontro nada sobre a contestación e habiamos pedido a reversion, pero non se encontra nada.



3.- Existen varios desaugadoiros, un fronte ao pavillón municipal, e outro ao pé da “Opel”, e dado que por eles sae de todo, ademáis dun olor nausebundo, e dunha imaxe deplorable, **ROGAMOS** nos indiquen se está prevista algunha actuación nesos dous focos, e así mesmo, dado que saíra hai bastante unha noticia nun xornal de que ía actuar a Xunta de Galicia na ría de Viveiro, nos informes se se ten algunha constancia oficial no Concello.

Intervén a Sra. Alcaldesa para contestar que ós desagües os que se fai referencia son aliviaderos do pozo de bombeo de Covas, feitos por Augas de Galicia.

4.- Dende hai moito tempo, o ansiado plan de tráfico está en tramitación **ROGAMOS** nos informe en que punto se atopa dita actuación

Intervén a Sra. Alcaldesa para contestar que Hai tempo que xa está redactado o plan de tráfico para dotar de dobre sentido a variante e estase á espera de consignación presupuestaria.

5.- Así mesmo, e a pesar do tempo transcorrido dende que se iniciou o plan xeral de ordenación municipal, **ROGAMOS** unha explicación dos pasos seguidos e en que punto se encontra o expediente.

Intervén a Sra. Alcaldesa para contestar que actualmente o expediente está en Patrimonio e tardaron cerca de un ano e o informe foi “desfavorable”. Quixemos chegar a un acordo e cando xa estaba resolto todo, cesan á Subdirectora e non se recolleu por escrito, polo que se está a espera do informe definitivo de Patrimonio. Temos varias xuntanzas previstas para axilizar o asunto.

6.- Polo Concelleiro do IVI, D. Jesús Fernández, para indicar que Temos varias queixas de conductores sobre o pintado das estradas: LU-540 e C-640 que unen Viveiro con Muras, dado que cando hai néboa ou chove (con bastante frecuencia), non se ven as liñas. Por iso **ROGAMOS** ao equipo de goberno que faga as xestións oportunas para o repintado desas estradas.

Pola Señora Alcaldesa, respóndase que se adoptaran as medidas aos organismos pertinentes.

Polo Concelleiro D. Celestino García Paz, en representación do Partido Popular, ven en presentar os seguintes **ROGOS**

1. Facendonos eco de varios veciños de Viveiro, principalmente da zona da Praza Juan Donapetry, os que poñen de manifesto a falta dun indicador de subida a Ermida e Mirador de San Roque que por motivo de obras no antigo restaurante Serra retirouse, o que provoca que os visitantes se desconcerten e teñen que preguntar aos veciños e incluso da lugar a que se dirixan a lugares equivocados



ROGAMOS que á maior brevidade se coloque a sinalización o indicador da subida á Ermida e Monte San Roque no mesmo lugar para evitar equivocacións aos nosos visitantes.

Pola Señora Alcaldesa dícese que xa está colocado .

2. No paseo marítimo de Sacido-Seiramar na parroquia de Covas, hai tramos con follas de árbore no chan o que provoca molestias e risco para os viandantes que nesta época do ano frecuentan tanto veciños como visitantes, así como lámpadas de alumado público que non funcionan. Por isto

ROGAMOS se tomen as medidas oportunas para subsanar estas incomodidades.

Pola Señora Alcaldesa se indica que se dará conta ao Concelleiro-Delegado do servizo para que adopte medidas.

3. Veciños do barrio do Chao da parroquia de Celeiro manifestáronnos a súa preocupación polo exceso de velocidade dalgúns vehículos, principalmente en horario escolar do Colexio Pedrosa Latas situado na rúa San Pantaleón, así como a dificultade de tránsito, tanto para peóns como para vehículos, como consecuencia da situación que se acentúa no período escolar, Por todo

ROGAMOS ao equipo de Goberno se tomen medidas oportunas para garantir a seguridade dos viandantes e evitar riscos que puidesemos lamentar.

Pola Sr. Alcaldesa respóndese que pola Policía Local para que en todo momento evite este tipo de situacións

4. Os comerciantes e industriais da zona de Verxeles solicitaron en varias ocasión a designación dunha zona de carga e descarga. Zona de carga e descarga solicitada directamente ao Alcalde, comprometéndose a isto, ata tal punto que incluso solicitou un informe da Policía Local. Non obstante, transcurriu bastante tempo sen que ata o momento se adoptase ningunha medida neste sentido. Por isto

ROGMOS, que na maior brevidade se estableza unha zona de carga e descarga no lugar de Verxeles.

R.- Pola Alcaldesa se dí que ultimamente se están pintando os pasos de cebra e cando haxa presuposto se terá en conta.

Ultimamente se están producindo, no Paseo do Río Landro, unha serie de caídas e pequenos accidentes que incluso acabaron con lesións que obrigaron ao afectos ater que ir a urxencias no Hospital de Burela por danos ocasionados principalmente en brazos e pernas.

Estes accidentes provocáronse polo deficiente estado do mencionado Paseo e o crecemento de maleza e raíces na zona de tránsito, provocando serias caídas e non precisamente a persoas de avanzada idade. Por este motivo

ROGAMOS, ao equipo de goberno que proceda á adecuación e limpeza do Paseo do Río Landro, para evitar que se produzan caídas precisamente pola deficiente conservación.”



R.-Pola Señora Alcaldesa se le contesta que Durante o inverno procúrase desbrozar o paseo do río Landro para facilitar o tránsito das persoas e no mes de agosto fíxose unha limpeza íntegral do mesmo. O problema é que os materiais empregados na súa construción, madeira e adoquín, requiren un mantemento enorme, contradecíndose estéticamente e funcionalidade, e sendo un cargo para o concello. se require un mantemento constante e de moita inversión:

1. Varios veciños de Celeiro manifestáronlle ao noso grupo, a súa preocupación polo estado de abandono no que se atopa o barco 2º Flor de Ares – situado fronte á piscina -, xa que ao seu máis que evidente estado de deterioro, súmaselle agora o feito de que sirva de lugar de xogo para algúns nenos e nenas do lugar, co conseguinte risco que isto entraña para a súa integridade física. Por este motivo, e en previsión de que acontezan males maiores, é polo que **ROGAMOS** ao equipo de goberno, que adopte as medidas necesarias para a reparación deste barco e extreme as medidas de vixilancia para que non sirva de zona de xogo a estes menores..

R.- Pola Señora Alcaldesa contéstaselle que polo seu estado non foi viable a reparación, xa foi desguazado e, polo tanto, xa non existe risco de perigo.

2. O barco a Pomba sigue a custarlle preto de 6000 euros anuais ao Concello de Viveiro polo seu atraque no Porto de Celeiro, presentando cada día que pasa un estado de deterioro máis que evidente; se a isto lle sumamos o risco de que se solte novamente, como xa ten ocorrido, cos conseguintes danos físicos e materiais que poida ocasionar e que sen lugar a dúbida repercutirán na maltreita economía do noso Concello, é polo que **ROGAMOS** ao equipo de goberno, que de unha vez por todas lle dea unha solución a este asunto, que o único que ocasiona é un gasto innecesario e ademais pode orixinar situacións que repercutan dun xeito negativo na economía municipal.

R.-. O custe que supoñía a Pomba era debido á actuación unilateral que efectuou Portos de Galicia, retirándoa do porto deportivo e situándoa nun lugar perigoso por mor das continuas cicloxéneses; estes fenómenos supuxeron un importante deterioro na estrutura do barco, polo que se tomou a decisión de subilo ao varadero e iniciar os trámites para o seu desguace.

3. A Casa do Forno de Celeiro leva pechada dende hai uns 15 días, debido a enfermidade da persoa encargada de abrir este local, tal e como nos teñen manifestado os propios veciños. Este feito impide o seu disfrute por parte ds persoas que acudían habitualmente á mesma. Por este motivo, ROGAMOS ao equipo de goberno que adopte as medidas necesarias, para que mentres se prolongue a ausencia desta persoa encargada, se envíe a outro empleado municipal para que realice estas labores e así os veciños de Celeiro poidan disfrutar deste espacio.

R.-Pola Señora Alcaldesa, se lle contesta que foi cando estaba de baixa a empregada municipal pero as actividades víñanse realizando igual e esta de tstigo os das asociacións culturais.



4. Nunha recente visita as instalacións do Clube Piragüismo Viveiro, situadas dentro do estado municipal do Cembedo, puidemos comprobar como nos vestiarios de mulleres caeran unha boa parte de azulexos, e os que quedaban estaban a punto de seguir o mesmo camiño. Por este motivo e ante o perigo que supón para as súas usuarias esta situación, é polo que ROGAMOS ao equipo de goberno que proceda ao seu arranxo coa maior celeridade posible, posto que xa lles foi demandando dende o clube nalgunha ocasión o citado arranxo, sen que ata o momento se atendese a súa petición.”

R.- Pola Señora Alcaldesa se lle contesta que xa se deu orde, no seu momento, para que se procedera a súa reparación.

1. Dado que unha serie de ríos como o Landro, Rego da Pontiga en Area, Cantarrana e río de Loiba en Covas, río das Nogueiras e Dos Foles en Viveiro, están nun total abandono por falta de limpeza no seu cauce, por este motivo.

ROGAMOS ao goberno local faga as xestións necesarias, ante os organismos competentes, para que se proceda a súa limpeza inmediata, evitando así as posibles inundacións e, polo tanto, os perigos e danos que esta situación podería ocasionar no caso de choivas abundantes.

R.-Pola Sra. Alcaldesa se lle contesta que o goberno local ,por medio de Jesus Fernández Cal, Concelleiro, fixo as xestións necesarias repetidamente ante os organismo competentes. Todavía estamos esperando a que Augas de Galicia execute as obras.

En calquera caso, o delegado de Augas de Galicia en Lugo vaise trasladar a Viveiro para reunirse cos técnicos municipais para dar unha solución ao río de Loiba, en Covas. Aproveitaremos a visita para recordarlle todas estas actuacións que se solicitaron.

2. Algúns dos contenedores do lixo situados ao lado de estradas con tráfico rodado están sen anclaxes que os suxeiten, como ocorre por exemplo nalgúns da estrada de Viveiro-Ribadeo, nalgúns da Misericordia, nalgúns da avenida Cantarrana e noutros da estrada de Vieiro-Galdo,; esta situación pode provocar un gran perigo para os vehículos e mesmo para os peóns, dado que estamos no outono.ROGAMOS ao Goberno Local que se complete a colocación das anclaxes nos contenedores do lixo que así o precisen.

R.-Pola Sra. Alñcaldesa se lle contesta que o goberno ten coñecemento da situación e intención de ir colocando “Suxeitacontenedores” a medida que o tempo e a economía municipal o permitan.

. Algunhas pistas e camiños de acceso a vivendas como a rúa Pedregal, Lapidio en Covas, Camiño de Meira en Celeiro ou os barrios de Aldea e Brieiro en Area, presentan abundante maleza por eso, e dado que o seu mantemento e competencia municipal.

ROGAMOS á delegación de Medio Ambiente do Goberno Local que adopte as medidas necesarias para a súa limpeza e adecentamento.

R.- Pola Sra. Alcaldesa se lle contesta que o delegado municipal de Medio Ambiente visitará as zonas nomeadas e dará solucións aos problemas que houbera de maleza.

Na estrada LU-862 ao seu paso polo barrio da Cruz na parroquia de Covas, hai unha parada de autobús case na entrada da rotonda das Sirenas, concretamente na



marxe dereita. Dita parada, moi utilizada por viaxeiros e especialmente polos nenos e nenas que acudo ao colexio, atópase sen marquesiña, debido, tal e como sinalan os veciños da zona, que como consecuencia dun temporal de vento quedou danada e tivo que ser retirada polos operarios municipais.

Este feito produciuse haberá uns dous anos, tal e como apuntan os veciños, sen que ata o momento se teña recolocado, o que obriga aos nenos usuarios do transporte escolar a buscar outro lugar xa non so para coller o bus, senón tamén para guarecerse das inclemencias do tempo, por todo isto ROGAMOS ao equipo de Goberno Municipal que se repoña a Marquesiña para dar solución á demanda dos veciños dos barrios da Cruz, Pereira e Carreira da parroquia de Covas.

R.-Pola Señora Alcaldesa se lle responde que ao non dispoñer de diñeiro par ainversións, realizáronse xestións con diversas administracións solicitando marquesinas para o concello, entre elas para o Barrio da Cruz.Estamos a espera da resposta.

No barrio de Bimbial na parroquia de Magazos, a poucos metros das escola de Xunqueira e fronte ao taller mecánico Autos Vivero, hai un espello de seguridade vial que está moi deteriorado, o cal impide a correcta visibilidade aos vehículos e provoca inseguridade para os peóns. Sen lugar a dúbidas a súa reposición melloraría a seguridade da circulación vial e peatonal; por todo isto e trasladando a petición dos veciños desta zona ROGAMOS se proceda a súa necesaria reparación.

R.-Pola Alcaldesa se lle responde que coñece a situación do espello existente no barrio do Bimbial. En canto haxa consignación reparatrase ese espello eoutros que tamén están en malñas condicións.

Veciños que usan o Parque infantil que está detrás do Pazo da Misericordia, manifestáronnos, en varias ocasións, a posibilidade de que se poñan dúas porterías de Fútbol 7 e dúas canatras pequenas de baloncesto; este parque municipal utilizado por moitos nenos e nenas está dotado de bancos, balancíns, carrusel e outros elementos, e de bo seguro que se completaría moito máis con esta demanda, por eso ROGAMOS ao equipo de Goberno que proceda a dar solución a esta demanda do barrio da Misericordia.”

R.-Pola Alcaldesa se lle contesta que este parque ven sendo utilizado como parque infantil e como parte das instalacións de ludoteca que se instala alí no verán; por esta razón por cuestión económicas e de espazo, non sería viable crear instalar as porterías e as canastras solicitadas.

4. Nunha recente visita as instalacións do Clube Piragüismo Viveiro, situadas dentro do estado municipal do Cembedo, puidemos comprobar como nos vestiarios de mulleres caeran unha boa parte de azulexos, e os que quedaban estaban a punto de seguir o mesmo camiño. Por este motivo e ante o perigo que supón para as súas usuarias esta situación, é polo que ROGAMOS ao equipo de goberno que proceda ao seu arranxo coa maior celeridade posible, posto que xa lles foi demandando dende o clube nalgunha ocasión o citado arranxo, sen que ata o momento se atendese a súa petición.”

R.Pola Sra.Alcaldesa contestase que téñese coñecemento e que xa se deu orde, no seu momento,para que se proceda a súa reparación.



2. No paseo marítimo de Sacido-Seiramar na parroquia de Covas, hai tramos con follas de árbore no chan o que provoca molestias e risco para os viandantes que nesta época do ano frecuentan tanto veciños como visitantes, así como lámpadas de alumado público que non funcionan. Por isto

ROGAMOS se tomen as medidas oportunas para subsanar estas incomodidades

R.-Pola Señora Alcaldesa contéstase que polo Concelleiro-Delegado de Obras e medio Ambiente visitarase a zona para que se lle dia solucións aos problemas que houbera de maleza.

3. Veciños do barrio do Chao da parroquia de Celeiro manifestáronnos a súa preocupación polo exceso de velocidade dalgúns vehículos, principalmente en horario escolar do Colexio Pedrosa Latas situado na rúa San Pantaleón, así como a dificultade de tránsito, tanto para peóns como para vehículos, como consecuencia da situación que se acentúa no período escolar, Por todo ROGAMOS ao equipo de Goberno se tomen medidas oportunas para garantir a seguridade dos viandantes e evitar riscos que puidesemos lamentar.

R.-Pola Señora Alcaldesa se lle responde que en moitos lugares do concello alguns automobilistas circulan con exceso de velocidade. Ademais de ser un problema de civismo persoal, comunicáraselle á Policía Local para que na medida do posible controle este tipo de actuacións.

Os comerciantes e industriais da zona de Verxeles solicitaron en varias ocasións a designación dunha zona de carga e descarga. Zona de carga e descarga solicitada directamente ao alcalde, comprometéndose a isto

ata tal punto que incluso solicitou un informe da Policía Local. Non obstante, transcurriu bastante tempo sen que ata o momento se adoptase ningunha medida neste sentido. Por isto ROGAMOS, que na maior brevidade se estableza unha zona de carga e descarga no lugar de Verxeles.

Sen saír do barrio do Celeiriño, sinalar que varios veciños reclaman a construción dunha rampa de acceso no calexón situado desde a Rúa do Porto á Rúa Atalaia, entre o novo edificio do Celeiriño e o nº 10 da Rúa do Porto, dado que as escaleiras tan empinadas alí construídas, imposibilitan que se baixe cunha cadeira de rodas ou similares. Por este motivo ROGAMOS ao equipo de goberno que acometa a construción da mencionada rampa, co que ademais de eliminar unha barreira arquitectónica, facilitará a mobilidade das persoas que precisen usar este tipo de rampas.

R.-Pola Señora Alcaldesa contestalle que a creación desa rampa xa se valorou no seu momento pero, tendo en conta a altura a salvar, resultaría unha rampa inaccesible pola porcentaxe de pendente resultante.

Na zona remodelada do Celeiriño, concretamente moi preto de onde figura a placa que da conta da citada actuación, existe un estreito calexón que entrana certo risco, e polo que, segundo nos manifestaron algún veciños, andan a xogar os nenos e nenas co conseguinte perigo para a súa integridade. Por este motivo, ROGAMOS o equipo de



gobierno que coloque algún elemento que impida o acceso ao mesmo, e así evitar calquera tipo de incidente que logo poidamos lamentar.

R.- Pola Sra. Alcaldesa indícase que No seu momento abriuse ese calexón para evitar a suciedade que se acumulaba; de feito, agora pode comprobarse que ese tipo de pasos entre as vivendas están limpos. De todos os xeitos, pode sopesarse a posibilidade de poñer unha pechadura.

Na Rúa do Porto en celeiro, dende a Confraría ata as inmediacións do Porto,aparcadoiro dos vehículos resulta caótico, ao tempo que perigoso para a circulación dos peóns, que ven como non poden caminar polas beirarrúas e mesmo contemplan como as saídas dos calexóns desta zona están habitualmente obstruídas, co conseguinte perigo que isto entran en caso de emerxencia. Por este motivo ROGAMOS o equipo de goberno que proceda a reordenación do aparcadoiro nesta rúa, de tal xeito que os peóns poidan camiñar polas beirarrúas e que as saídas dos calexóns non estean obstruídas.

R.-Pola Alcaldesa dícese que. A demolición de determinadas vivendas do Barrio do Celeiriño fíxose para crear un espazo destinado ao uso e disfrute dos veciños, non para crear un aparcamento. Ademais, as dimensións do espazo existente na actualidade non permitirían crear un aparcamento como tal nese lugar; se houberse que pensar en facer un aparcamento habería que miralo doutra maneira, establecendo, por exemplo, zonas de carga e descarga con

Na parroquia de Covas, no barrio do Pedregal, concretamente na rúa dos Castelos, entre vivendas, hai moitas fochancas, que o perigo que en si supoñen, engadese que, como consecuencia da choiva, se enchen de auga. Por este motivo ROGAMOS ao equipo de goberno que proceda o seu asfaltado á maior brevidade posible, para solucionar este problema.”

R.-Pola Alcaldesa contéstaselle que xa se ten coñecemento desta situación e tomamos nota para actuar ao respecto.

D. Jaime de Olano Vela, Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular e no seu nome, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta o seguinte **ROGO** á Sra. Alcaldesa, en data 30 de decembro de 2013:

O derradeiro 20 de xuño de 2013 celebrouse un Pleno extraordinario en cuxa orde do día figuraba unha Moción do Grupo Municipal do Partido Popular relativa á evitación de duplicidades nas celebracións de eventos subvencionados polo Concello. Naquela sesión aprobouse, por unanimidade, que o equipo de goberno debía promover ou evitar a duplicidade de datas nas celebracións de ámbito municipal e que sexan subvencionadas con diñeiro público, respectando as datas daquelas que teñan maior proxección turística e repercusión social. Quedaba pois obrigado o equipo de goberno a informar e coordinar ás persoas ou colectivos promotoras destes eventos.



Descoñecemos as xestións realizadas polo equipo de goberno ao obxecto de dar cumprimento ao acordo obrigatorio adoptado polo Pleno no sentido de coordinar as datas de celebración destes eventos de forma que se eviten os solapamentos que se veñen producindo.

Polo exposto, **ROGASE** á Sra. Alcaldesa que cumpra o acordo plenario e, previa reunión coas asociacións ou personas encargadas da promoción destes eventos, se estableza un calendario no que non se solapen unhas con outras evitando así o prexuízo para os veciños, os promotores, etc.”

R.-Pola Sra.Alcaldesa se lle contesta que xa se está elaborando o Calendario das Festas e de maneira Extraoficial ya estamos falando co organizador dunha festa en concreto para que fixe outras datas e non coincida coas Festas Tradicionais.

Polo Voceiro do BNG,D.Bernardo José Fraga Galdo, prodúcese o seguinte ROGO:.No camiño vello, produciuse fai varios días un derrubamento no lateral esquerdo da calzada. Está sinalizado mediante conos, pero supón un perigo, tanto para os vehículos que circulan pola rúa como para os viandantes que empregan a vía xa que non existen beirarrúas.

Así mesmo, no final da rúa Alonso Pérez, na intersección coa Rúa Verxeles, existen numerosas fochancas, que coas últimas choivas aumentaron o seu tamaño.

Rogamos ao equipo de goberno, que retire o terreo procedente do derrube e repare as fochancas existentes na rúa.”

R.-Pola Señora Alcaldesa contestaselle que No seu momento, cando se produciu o derrubamento, sinalizouse e limpiouse a zona. A día de hoxe, vanse retirando progresivamente todos os desprendementos que se producen. Agora, como existe un perigo continuo na zona, estanse iniciando os contactos cos veciños e propietarios das parcelas existentes no lugar para adoptar as medidas oportunas para anos vindeiros

E non habendo mais asuntos de que tratar, pla Sra.Alcaldesa levántase a sesión, sendo as vintetres trinta horas do día con que se encabeza esta Acta estendéndose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu,Secretaria,dou f.e

Vº Bº
A ALCALDESA

A SECRETARIA ACCTAL





EXCMO.CONCELLO
DE
VIVEIRO

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.

